



Entrevistamos a...



Ramiro Pérez Freijo
ALCALDE DE MEIRA

"Un dos nosos cometidos principais é o impulso da educación ambiental e o desenvolvemento sostible dos recursos"

[Ler máis...](#)



Román Rois Peón
OPERARIO DE LIMPEZA VIARIA
NA CIDADE DE LUGO

"A recollida de lixo é un servizo esencial para a cidadanía e por iso hai que melloralo aínda máis coa colaboración de todos"

[Ler máis...](#)

Mundo SOGAMA



Récord histórico de eficiencia nas instalacións de Sogama

O rendemento do complexo medioambiental de Cerceda superou o pasado ano todas as previsións.

O óptimo funcionamento está incluso por riba da capacidade nominal da infraestrutura, limitada a

550.000 toneladas anuais de lixo. O ano pasado, tratáronse 554.317,98 t, un 2,32 por cento máis que no 2011 e un 15 por cento superior á cantidade xestionada en 2008. Isto permitiu que os residuos desviados ao vertedoiro de Areosa se viran diminuídos nun 18,17 por cento, e se a comparativa se fai respecto ao ano 2008, un 38 por cento.

[Ler máis...](#)

Novas

Contribución á reciclaxe de vidro e de aceiro residual en Cerceda

Con estas dúas melloras, evítase que estes materiais se depositen en vertedoiro e se desaproveiten como recurso

[Ler máis...](#)

Tira o dado e, gaña polo medio ambiente!




[Ler máis...](#)

Aumenta a calidade da bolsa amarela

[Ler máis...](#)

Multimedia

Xa coñeces o Caderno Verde?



A familia Trebón aposta pola mobilidade sostible

[Mira este vídeo!](#)

Que comes hoxe?

Non tires as sobras, reinvéntaas nun orixinal menú!

[Receitario Para repañar o prato! \[PDF\]](#)

Eventos



17.000 persoas participaron na campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor"



A campaña educativa "Separemos ben, reciclaremos mellor" saldouse cun balance máis que positivo ao propiciar a participación directa de 17.000 persoas de distintos puntos de Galicia. Nesta cifra contabilízase á veciñanza en xeral e a escolares.

[Ler máis...](#)

Actualidade

"Minicontedores" para as pilas usadas

Sogama está a colaborar coa Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia na campaña "Ponte as pilas polo medio ambiente", que ten como finalidade incentivar a participación cidadá na segregación de residuos de pilas



[Ler máis...](#)

Entrevistamos a...

Boletín Informativo ABRIL 2013



Ramiro Pérez Freijo

Alcalde do concello lucense de Meira, diante da Aula da Natureza

"A Aula da Natureza é un instrumento para dar a coñecer a contorna e sensibilizar ás novas xeracións"

A riqueza natural da localidade lucense de Meira, lugar de nacemento do río Miño, o máis importante de Galicia, queda máis que acreditada pola súa pertenza á Reserva da Biosfera "Terras do Miño". Recentemente, o concello inaugurou unha Aula da Natureza para impulsar a educación ambiental e o desenvolvemento sostible dos recursos naturais do municipio. Esta actuación vai parella á súa recente adhesión ao programa de compostaxe doméstica de Sogama e ao labor de concienciación cidadá para fomentar a separación en orixe.

O pasado 21 de marzo, coincidindo co Día Mundial da Árbore, o concello de Meira poñía en marcha a Aula da Natureza; unha iniciativa que, sen lugar a dúbidas, axudará a difundir o rico patrimonio natural desta localidade lucense e, por suposto, contribuír á sensibilización da poboación na súa preservación e coidado. Que expectativas teñen postas nesta aula?

Nesta lexislatura, unha das referencias do noso programa electoral foi o impulso da educación ambiental e o desenvolvemento sostible dos recursos naturais de Meira. Para isto necesitabamos pór en marcha infraestruturas nas que levar a cabo os nosos plans e onde se puidese divulgar o coñecemento do hábitat, especies e tradicións rutineiras dos labores do campo. A Aula da Natureza é un instrumento máis para que visitantes e veciños coñezan a contorna e se poida sensibilizar ás novas xeracións nos valores naturais como factor imprescindible para unha futura resposta ante os innumerables problemas medioambientais.

Para levar a cabo todo isto, realizaremos unha serie de actividades como unhas xornadas do ciclo da auga, aproveitando o enclave do río Miño. Tamén convocaremos talleres de elaboración de pan, de marmelada, etc. ou unhas xornadas de identificación de especies autóctonas, entre outras moitas.

Seguro que moitos non saben que o Miño nace precisamente en Pedregal de Iri-mia, no concello de Meira, e faino de forma silenciosa para ir tomando forza no seu percorrido ata se converter no río máis longo e caudaloso de Galicia. Que significa para o seu concello ser o berce do río Miño?

Ter o nacemento dun dos símbolos máis coñecidos dentro e fóra de Galicia que baña dúas das cidades máis importantes (Lugo e Ourense), é unha responsabilidade que obriga aos meiregos a coidalo e a protexelo. O Miño é un aliciente natural de singular beleza e de especial significado para a vila de Meira. Unha das obras que nos últimos anos é un referente na localidade é o parque río Barja, un espazo urbano co río Miño como centro neurálxico e cun estado de conservación e limpeza de augas excelente.

A riqueza natural desta terra lucense queda acreditada polo feito de que o municipio pertence á Reserva da Biosfera "Terras do Miño". Aos seus fermosos vales e montañas, engádese unha importante variedade de flora e de fauna. Que pode encontrar o visitante no seu concello e, sobre todo, que poden encontrar os amantes da natureza?

O nacemento do río Miño, o chamado Pedregal, é referente necesario para todas as visitas, pero non podemos esquecer que Meira tamén está bañada por un dos ríos máis salmoneiros e importantes de Galicia e de Asturias, o Eo, incluído dentro da Rede Natura.

No noso concello podemos atopar unha variedade de especies bioindicadoras como o merlo acuático, a garza real, a londra, distintas especies de libélulas e por suposto, a raíña das augas, a troita común. Ademais, hai tamén unha gran variedade de explotacións forestais que incorporan riqueza á zona, tanto en madeira como en variedade micolóxica. Por todo isto, este é un enclave moi axeitado para escapadas rurais con distintas rutas de sendeirismo.

En Meira están a implantar, da man de Sogama, un programa de compostaxe doméstica en 30 vivendas. Que moveu ao equipo de goberno local a adherirse a esta iniciativa? Que pretenden acadar coa mesma?

Na zona urbana de Meira é onde se atopa a gran parte da poboación, existindo pequenas e numerosas hortas que traballan os propios veciños. Neste sentido, consideramos importante o programa de compostaxe doméstica para dar saída aos residuos orgánicos e aproveitalos como abono para os labores das hortas.

E centrándonos xa na xestión dos residuos urbanos no seu concello, como está a funcionar? Atópanse con algunha limitación ou dificultade no día a día?

Por suposto. As limitacións son as de sempre, as económicas, e máis nesta época de crise. Non obstante, desde o Concello estamos a facer un gran esforzo en concienciar á poboación para a separación en orixe: envases lixeiros, plástico de uso gandeiro, vidro, residuos orgánicos, almacenamento de pilas e de aceite de uso doméstico. Este último implantado recentemente.

Ademais da compostaxe caseira, algún proxecto na xestión do lixo que o concello teña en mente nestes momentos?

Ademais dos residuos da poboación, non podemos esquecer os residuos industriais e os xerados polas augas fecais. Esta Corporación esta a facer un grande esforzo na mellora da EDAR. Temos un proxecto moi ambicioso de instalación de novos mecanismos de depuración de augas para a súa posterior reciclaxe, axudando desta maneira a mellorar a calidade da auga do propio río.

Entrevistamos a...

Román Rois Peón
Operario de limpeza varia
na cidade de Lugo

Mundo SOGAMA

Récord histórico de eficiencia nas instalacións de Sogama

Novas

Contribución á reciclaxe de vidro e de aceiro residual en Cerceda

Tira o dado e, gaña polo medio ambiente!

Aumenta a calidade da bolsa amarela

Multimedia

Eventos

Actualidade

[Voltar á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

Boletín Informativo ABRIL 2013



Román Rois Peón

Operario de limpeza viaria na cidade de Lugo

"Coa crise, malgástase menos e tírase menos lixo"

Empregado de Urbaser, a concesionaria do servizo de limpeza e de recollida de residuos na cidade de Lugo, hai 14 anos, Román Rois Peón acumula moitas anécdotas. Tamén un gran sentido da responsabilidade co traballo que desempeña e que considera "esencial" para a convivencia cidadá.

_A recollida de lixo é un servizo esencial para os municipios porque afecta directamente á súa imaxe, á saúde e incluso á boa convivencia da veciñanza. Pero, nalgúns ocasións, non é suficientemente valorado pola cidadanía ata que, por calquera circunstancia, deixa de prestarse. É así?

Por suposto que é un servizo esencial e por iso hai que melloralo aínda máis. Os concellos teñen que esixir que as empresas concesionarias cumpran coas súas obrigas. E por suposto, os traballadores tamén temos que ser responsables e desenvolver o noso labor da mellor forma posible e coa maior calidade.

En que consiste exactamente o seu traballo no día a día e que é o que máis lle gusta. E o que menos?

Eu dedícome ao varrido de rúas. Traballo dende as sete da mañá ata a unha e media da tarde. A primeira hora distribúese o traballo a realizar entre todos os operarios e as rúas correspondentes. Hai anos tamén estiven no servizo de recollida nocturno. En xeral, estou moi satisfeito co meu traballo. O que menos me gusta é que os cidadáns non recollan os excrementos dos animais de compañía. Penso que a xente debería ser un pouco máis coidadosa e respectuosa, tanto cos servizos de limpeza coma co resto dos transeúntes.

Os estudos realizados apuntan a que a crise económica está a influír na produción de refugallos. Seguimos tirando de todo ao lixo ou medímosnos máis que antes?

Si, a crise está pasando factura. Antes recollíanse en Lugo cerca de 100 toneladas de lixo ao día e agora, pouco máis de 80. É evidente que nos medimos máis á hora de consumir e, polo tanto, malgastamos menos.

Que opinión lle merece a colaboración da cidadanía á hora de manter limpas as rúas? Respéctanse as normas básicas de civismo ou aínda queda moito que facer?

Queda moito por facer. A xente non cumpre cos horarios establecidos para tirar o lixo aos contedores. En Lugo deberían facelo entre as 20:00 e as 23:00 horas, pero hai veciños que, por comodidade, tiran as bolsas en calquera momento do día.

E no ámbito da separación de residuos, evolucionouse nos últimos anos? Preocúpase a xente por colaborar no sistema de recollida selectiva e contribuír á reciclaxe? Mellórase, pero lentamente. O vidro, o papel e o cartón son os materiais que máis se reciclan. Quizais no rural selecciónase un pouco peor que na cidade e ás veces os contedores encóntranse desbordados porque a xente bota neles o que non debe. Como en todas as cousas, hai quen está concienciado e quen non o está tanto.

Algunha anécdota curiosa que vivira no seu traballo e que queira compartir con nós...

Pois un compañeiro e eu atopamos hai anos, cando varriamos nunha rúa, unha especie de axenda con 400.000 das antigas pesetas en efectivo e talóns ao portador. Demos co propietario e entregámoslle todo, pero non nos caeu ningunha propina (ri). Tamén recordeo que cando se implantou a experiencia piloto de recollida selectiva en varios concellos, nun contedor amarelo de Quiroga atopamos a cabeza dun porco. Increíble.

[Voltar á páxina de inicio](#)

Entrevistamos a...

Ramiro Pérez Freijo
Alcalde de Meira

Mundo SOGAMA

Récord histórico de eficiencia nas instalacións de Sogama

Novas

Contribución á reciclaxe de vidro e de aceiro residual en Cerceda

Tira o dado e, gaña polo medio ambiente!

Aumenta a calidade da bolsa amarela

Multimedia

Eventos

Actualidade

Síguenos en...



www.sogama.es





O complexo de Sogama

A maior eficiencia do complexo de Cerceda permite bater máximos históricos en tratamento de residuos, pero tamén en produción enerxética

O complexo medioambiental de Sogama en Cerceda volve bater récords. A produción de enerxía na Planta Termoeléctrica, alimentada por CDR (o combustible derivado dos residuos que non se poden reciclar), suma un incremento acumulado dun 16,52 por cento respecto aos valores acadados en 2008.

Este aumento na produción enerxética é parella ás maiores cantidades de residuos xestionados no complexo cercedense que, tamén en catro anos, suman un incremento do 15 por cento. Das 482.030 toneladas tratadas no 2008, pasouse a 554.317,98 no 2012, superando incluso a capacidade da planta establecida en 550.000 toneladas anuais. Esta circunstancia permitiu diminuír, nun 38 por cento, o envío dos refugallo que non se poden tratar ao vertedoiro de Areosa. O depósito en vertedoiro é sempre unha última opción de tratamento debido aos riscos que entraña para a integridade do medio ambiente e a saúde das persoas.

Así, Sogama, de acordo co plan galego de xestión de residuos urbanos 2010-2020, pretende dar cumprimento á xerarquía que debe seguir a xestión dos desperdicios a través da aplicación prioritaria do principio europeo dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), complementado cunha cuarta acción, a recuperación enerxética da fracción non reciclable. Foi precisamente esta outra actuación a que o ano pasado ano volveu elevar a máximos históricos os resultados do complexo, permitíndolle reducir a cantidade de lixo destinado a vertedoiro nun 18,17 por cento. E se a comparativa se establece co ano 2008, a baixada nos niveis de vertedura chega ata o 38,29 por cento.

É preciso recordar que as plantas de valorización enerxética constitúen as infraestruturas industriais máis vixiadas nos seus aspectos medioambientais, pesando sobre elas unha estrita normativa coa que se garante un funcionamento respectuoso co contorno. No caso de Sogama, rigorosos sistemas de control ambiental, unidos a notorios mecanismos de limpeza de gases, posibilitan que todos os parámetros de emisión á atmosfera se sitúen moi por baixo dos límites legais.

Planta de biogás

E se o rendemento do complexo superaba o pasado ano todas as previsións, no caso da planta de biogás do vertedoiro de Areosa non foi para menos. Tomando como referencia o mesmo período comparativo 2008-2012, a produción enerxética incrementouse un 182,56 por cento.

O cometido da planta de biogás é aproveitar, en forma de enerxía, o metano xerado pola descomposición da materia orgánica e evitar a súa emisión directa á atmosfera, reducindo as emisións de CO₂ e o queimamento global.

[Voltar á páxina de inicio](#)

Entrevistamos a...

Ramiro Pérez Freijo
Alcalde de Meira

Román Rois Peón
Operario de limpeza varia
na cidade de Lugo

Novas

Contribución á reciclaxe de vidro e de aceiro residual en Cerceda

Tira o dado e, gaña polo medio ambiente!

Aumenta a calidade da bolsa amarela

Multimedia

Eventos

Actualidade

Síguenos en...



www.sogama.es



Sogama posibilitará a reciclaxe do vidro e de aceiro residual contido no lixo xenérico que se trata no complexo de Cerceda

A Sociedade Galega do Medio Ambiente anunciaba hai pouco dúas importantes novidades na xestión dos refugallos recepcionados no complexo medioambiental de Cerceda (A Coruña): a contribución á reciclaxe do vidro e do aceiro industrial contido na bolsa negra que se xestiona e trata no complexo cercedense.



Sogama acumula unhas 170.000 toneladas de vidro no seu depósito de inertes

Por primeira vez desde a súa posta en marcha, Sogama promove a reciclaxe do vidro contido na chamada bolsa negra. Ademais de supoñer importantes vantaxes ambientais, esta iniciativa reportará á entidade uns ingresos económicos estimados nun mínimo de 150.000 euros anuais. No marco dun acordo formalizado con Ecovidrio, a Sociedade percibirá uns beneficios de 5 euros por tonelada de vidro recuperada.

En xeral, calcúlase que se remitirán a reciclado da orde de 14.000 toneladas anuais de vidro procedentes da planta de elaboración de combustible (PRTE), ás que habería que sumar outras 170.000 xa acumuladas no depósito de inertes do complexo industrial de Cerceda, permitíndolle tamén des-
conxestionar esta infraestrutura e e incrementar a súa vida útil.

En paralelo a esta actuación, Sogama seguirá insistindo na necesidade de que a poboación deposite no iglú verde os envases de vidro. Non só polo beneficio ecolóxico, senón por unha cuestión económica. Canto menos pesen as bolsas negras entregadas polos concellos a Sogama, menor será a factura a pagar a esta empresa pública pola xestión e tratamento dos refugallos xenéricos.

Aceiro residual

Por outra banda, Sogama tamén posibilitará a reciclaxe do aceiro residual contido no lixo convencional e procesado no seu complexo medioambiental. Con isto, a Sociedade evita o depósito deste material no vertedoiro de Areosa, tal e como viña facendo ata o momento, desaproveitando, polo tanto, os recursos contidos no mesmo.

Sogama decidiu así ir máis aló da habitual recuperación dos metais seleccionados a través de electroimáns na planta de elaboración de combustible (PRTE). A partir de agora, propiciará a recuperación do material férrico procedente destes dispositivos automáticos que, por unha serie de circunstancias tales como o seu gran tamaño e mestura con outros compostos como plásticos, teas, caucho, etc, non pode ser separado de forma mecánica.

Prevese que a cantidade de aceiro residual a recuperar se atope entre as 700 e as 1.000 toneladas mensuais. A esta cifra uniranse ás 600-900 toneladas/mes de material seleccionadas a través dos dispositivos automáticos.

Entrevistamos a...

Ramiro Pérez Freijo
Alcalde de Meira

Román Rois Peón
Operario de limpeza varia
na cidade de Lugo

Mundo SOGAMA

Récord histórico de eficiencia nas instalacións de Sogama

Novas

Tira o dado e, gaña polo medio ambiente!

Aumenta a calidade da bolsa amarela

Multimedia

Eventos

Actualidade

[Voltar á páxina de inicio](#)



O "Xogo da Reciclaaxe" distribuíse entre todos os colexios de primaria de Galicia

O novo xogo educativo de Sogama facilita a asimilación das boas prácticas ambientais desde idades temperás

Os colexios contan cun novo recurso didáctico de apoio e de carácter atemporal que poderán utilizar de aquí en adiante, concienciando ao alumnado da necesidade de coidar o medio ambiente. Trátase do "Xogo da Reciclaaxe", editado pola Consellería de Medio Ambiente e Ecoembes, contando co apoio de Sogama. Esta iniciativa chega tras o éxito acadado polo xogo xigante dos residuos da Sociedade Galega do Medio Ambiente, que circulou o pasado curso académico por varios colexios e localidades galegas

Co novo "Xogo da Reciclaaxe", os centros contarán cun novo instrumento didáctico e de carácter atemporal co que poñer a proba os coñecementos dos escolares entre os 6 e os 12 anos sobre a xestión e tratamento dos residuos urbanos, ao tempo que se pretende que estes tomen conciencia da necesidade de poñer en práctica o principio dos tres erres (reducir, reutilizar e reciclar). Ademais, debido á súa dimensión lúdica, os pequenos poderán interiorizar máis facilmente as boas prácticas ambientais coas que permitir a posterior transformación dos refugallo en recursos de utilidade.

Mecánica a contra reloxo

Trátase dun xogo por equipos no que se proclamará gañador aquel que chegue á meta tras superar un circuíto de probas nun período limitado de tempo. Os integrantes teñen que dar boa conta dos seus coñecementos, pero tamén das súas habilidades e destrezas na mímica, no debuxo e na axilidade mental.

Con este labor de sensibilización entre os máis cativos, Sogama quere dar resposta aos obxectivos recollidos no plan galego de xestión de residuos urbanos 2010-2020. O documento contempla, entre outros retos, o incremento dos niveis de reutilización e reciclaaxe, pasando do 10 por cento actual ao 30 por cento.

Actualmente, Galicia só consegue reciclar o 10 por cento do lixo xerado, pero espérase que logre superar a taxa estatal do 15 por cento, así como a media europea, posicionada no 25 por cento. Para isto, o labor de educación realizado entre os futuros adultos, responsables e comprometidos co medio ambiente, é fundamental.

[Voltar á páxina de inicio](#)

Entrevistamos a...

Ramiro Pérez Freijo
Alcalde de Meira

Román Rois Peón
Operario de limpeza varia
na cidade de Lugo

Mundo SOGAMA

Récord histórico de eficiencia nas instalacións de Sogama

Novas

Contribución á reciclaaxe de vidro e de aceiro residual en Cerceda

Aumenta a calidade da bolsa amarela

Multimedia

Eventos

Actualidade

Síguenos en...



www.sogama.es



Redúcense á metade os impropios depositados no contedor amarelo



No contedor amarelo depositanse os chamados envases lixeiros, envases de plástico, latas e briks

En 2011 Sogama conseguiu recuperar o 49,51 por cento dos refugallos da bolsa amarela (o resto eran impropios), mentres que o ano pasado a cifra elevouse ata o 52,25 por cento. Así, por primeira vez, a porcentaxe de refugallos depositados de forma incorrecta no contedor amarelo diminuíu un 50 por cento. Este dato vén confirmar a maior eficiencia industrial da planta de clasificación do complexo medioambiental de Cerceda, pero tamén a maior implicación da poboación no proceso de selección dos materiais destinados a este contedor.

Mostra disto témola igualmente nos resultados da campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor", unha iniciativa de concienciación social posta en marcha en setembro de 2012 e que circulou durante seis meses por 66 municipios galegos que contan con porcentaxes de impropios nos contedores amarelos situados entre o 31 e o 40 por cento.

A través dunha carpa itinerante, monitores ambientais explicaron á veciñanza cal é a súa responsabilidade na xestión sostible dos desperdicios, á vez que resolveron as súas dúbidas e corrixiron os erros máis frecuentes. A iniciativa complementouse con obradoiros, xogos e material divulgativo adaptado a maiores e a pequenos.

O dato confirma a maior concienciación social na materia, así como a maior eficiencia industrial de Sogama

A calidade da bolsa amarela (envases de plástico, latas e briks) recibida en Sogama mellorou o pasado ano un 2,74 por cento. Isto foi posible grazas ao maior interese e á colaboración da cidadanía, acadados a través de campañas tales como "Separemos ben, reciclaremos mellor", posta en marcha pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e Ecoembes, ou ben co programa de visitas ás instalacións de Sogama, entre outras actuacións.

En 2011 Sogama conseguiu recuperar o 49,51 por cento dos refugallos da bolsa amarela (o resto eran impropios), mentres que o ano pasado a cifra elevouse ata o 52,25 por cento.

[Voltar á páxina de inicio](#)

Entrevistamos a...

Ramiro Pérez Freijo
Alcalde de Meira

Román Rois Peón
Operario de limpeza varia
na cidade de Lugo

Mundo SOGAMA

Récord histórico de eficiencia nas instalacións de Sogama

Novas

Contribución á reciclaxe de vidro e de aceiro residual en Cerceda

Tira o dado e, gaña polo medio ambiente!

Multimedia

Eventos

Actualidade

Eventos

Boletín Informativo ABRIL 2013



17.000 persoas participaron na campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor"

En seis meses visitáronse 66 municipios e 119 centros escolares

A campaña educativa "Separemos ben, reciclaremos mellor" saldouse cun balance máis que positivo ao propiciar a participación directa de 17.000 persoas de distintos puntos de Galicia. Nesta cifra contabilízase a veciñanza en xeral e ós escolares.

Esta iniciativa promovida pola Consellería de Medio Ambiente e Ecoembes, percorreu desde setembro do pasado ano 66 concellos con índice de impropios nos recipientes de cor amarela situados entre un 31 e un 40 por cento. O obxectivo desta campaña era concienciar e informar a todos os sectores da poboación sobre o seu importante papel para rebaixar esta porcentaxe, mellorando a cantidade e a calidade do material depositado non contedores amarelos (envases de plástico, latas e briks) pero tamén prestando atención aos distintos depósitos de lixo: azul, para os envases de cartón e papel; iglú verde, para os de vidro, e verde convencional, para os restos non reciclables, que Sogama consegue transformar, con todas as garantías para o medio ambiente e a saúde pública, en enerxía eléctrica.

Do total de municipios incorporados a esta actuación, 16 pertencían á provincia da Coruña, 17 á de Lugo, 23 á de Ourense e 10 á provincia de Pontevedra. Así mesmo, visitáronse 119 centros escolares, contando con 173 intervencións. Os destinatarios foron fundamentalmente alumnos de 5º e 6º de primaria.



Escolares e cidadanía en xeral foron os destinatarios das actividades de concienciación



Folla de ruta

En todos os casos, despregáronse un bo número de actividades de concienciación e sensibilización social onde as boas prácticas na xestión sostible dos refugallo, un dos maiores desafíos ambientais aos que as sociedades avanzadas deben facer fronte, constituíron o epicentro das distintas xornadas levadas a cabo. En zonas rurais, tamén se falou das vantaxes da compostaxe doméstica e da conveniencia de recuperar unha práctica tradicional en Galicia como é a separación da materia orgánica para fabricación de abono e/ou alimento do gando.

Así mesmo, distribuíuse diverso material informativo nas 200.000 vivendas rexistradas nos concellos que pasaron a formar parte de esta iniciativa, e para os escolares, reserváronse numerosos recursos educativos e promocionais.

Dos comentarios realizados polos veciños, dedúcese que a recollida selectiva é concibida como un xesto moi importante, pero seguen a existir dúbidas respecto da correcta separación de residuos. Esta valoración alenta a Sogama a seguir fomentando iniciativas de concienciación social en vindeiras datas e cumprir así cos obxectivos do plan autonómico de xestión de residuos urbanos 2010-2020.

[Voltar á páxina de inicio](#)

Entrevistamos a...

Ramiro Pérez Freijo
Alcalde de Meira

Román Rois Peón
Operario de limpeza varia
na cidade de Lugo

Mundo SOGAMA

Récord histórico de eficiencia nas instalacións de Sogama

Novas

Contribución á reciclaxe de vidro e de aceiro residual en Cerceda

Tira o dado e, gaña polo medio ambiente!

Aumenta a calidade da bolsa amarela

Multimedia

Actualidade

Síguenos en...



www.sogama.es



“Minicontedores” para a reciclaxe das pilas

Sogama está a colaborar coa Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia na campaña “Ponte as pilas polo medio ambiente”, que ten como finalidade incentivar a participación cidadá na segregación de residuos de pilas



Minicontedor para depositar as pilas usadas

A primeira fase da iniciativa consistiu no reparto de 2.000 “minicontedores” ecolóxicos cos que facilitar a recollida fraccionada de pilas. O obxectivo é que estes refugallosexan xestionados conforme á normativa vixente, minimizando o seu impacto sobre o medio ambiente e a saúde pública. Os primeiros destinatarios dos minicontedores foron concellos, centros escolares e asociacións veciñais, culturais e deportivas.

A pesar de que a xestión desde material non entra no cometido de Sogama, a sociedade pública quixo sumarse a esta campaña de sensibilización debido á presenza de pilas na bolsa negra (material non reciclable) que chega e trata nas súas instalacións.

As pilas están compostas por diferentes metais pesados e deben de ser consideradas como materiais perigosos. Polo tanto, trátase dun residuo que precisa dun tratamento concreto, debendo evitarse que poida ser mesturado con outros refugallosex e garantir desde xeito unha xestión independente. Unha soa pila de botón, fabricada con óxido de mercurio, pode chegar a contaminar ata 600.000 litros de auga; unha cantidade superior á que bebe unha familia de catro persoas durante toda a súa vida.

Ademais dos “minicontedores” distribuídos por Sogama, os residuos de pilas poden depositarse nos puntos limpos municipais, nos contedores emprazados en instalacións públicas ou privadas (hospitais, centros de ensino, empresas, etc.), así como en centros comerciais.

Segundo datos recollidos por Ecopilas, en Galicia destináronse a reciclaxe 194.100 quilos de pilas e acumuladores no ano 2011.

[Voltar á páxina de inicio](#)

Entrevistamos a...

Ramiro Pérez Freijo
Alcalde de Meira

Román Rois Peón
Operario de limpeza varia
na cidade de Lugo

Mundo SOGAMA

Récord histórico de eficiencia nas instalacións de Sogama

Novas

Contribución á reciclaxe de vidro e de aceiro residual en Cerceda

Tira o dado e, gaña polo medio ambiente!

Aumenta a calidade da bolsa amarela

Multimedia

Eventos